



**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Costa da Morte. Sector: Seo de Corcubión. Municipio: Fisterra. Parroquias: Santa María de Fisterra. Extensión: 1,11km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade situada ao nordés da elevación montañosa do Monte do Facho, desde a que a ladeira descende moderadamente en altitude até alcanzar o nivel da chaira litoral en torno ao istmo do Cabo Fisterra. Á súa vez, a chaira litoral presenta pequenos outeiros graníticos, tanto ao nordés como ao sureste da unidade, enmarcando o núcleo de Fisterra.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio hercínico, case toda a unidade nun granitoide migmático, aínda que no alto do Monte de San Guillermo e en Pedra Cagona, aparece un granito de megacristais, coñecido como "Tipo Fisterra", xa Tardihercínico.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente costeira de ambiente climático Cálido e Húmido definido por temperaturas medias anuais superiores a 14°C e precipitacións acumuladas de entre 1200mm e 1400mm ao longo do ano. A amplitude térmica media anual sitúase en torno a 13°C.

#### OS SOLOS

Leptosols líticos no alto do Monte de San Guillermo e a súa vertente e solos máis evolucionados no resto da unidade fundamentalmente do tipo cambisol dístrico. O núcleo de Fisterra aséntase na parte baixa e é alí onde se encontran os antrosols, solos moi transformados polas actividades humanas.


#### AS AUGAS

A pouca distancia entre a costa e os montes que conforman o Cabo Fisterra impide o desenvolvemento dunha rede de drenaxe salientable nesta reducida unidade, que se compón dalgunhas fontes e arrosios temporais polos que abren os seus leitos as augas de escorrentía. As Augas Costeiras deste sector coinciden coas do mencionado Cabo (20141).

#### O PATRIMONIO NATURAL

Unidade moi transformada e mixta que conta con pequenos areais e costa rochosa de cantís e plataforma. Así, os hábitats que dominan na franxa rochosa son o 1230 de cantís mariños atlánticos e o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. O mato próximo á liña de costa, como a vexetación das vertentes superiores, encóntranse moi degradadas. A pesar diso, a nivel continental pódense subliñar non só algunha masa ripícola (91E0) preto da Insua, senón tamén masas mixtas na vertente que descende das elevacións de Pedra Cagona e Monte de San Guillermo, formacións posiblemente derivadas de antigas carballeiras (9230, bosques galaicos-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica) e soutos (9260, bosque de Castanea sativa). Ademais, é bo engadir a presenza dalgúns rodais de frondosas de recolonización ao suroeste da vila de Fisterra.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Podemos dicir que esta unidade está moi transformada. En toda a fachada litoral predomina a superficie construída, coincidindo co núcleo urbano de Fisterra que ten na actividade pesqueira e no marisqueo o seu motor económico. Cara ao interior as construcións alternanse con terreos de cultivos. A zona onde aínda se mantén unha estrutura máis intacta do chan é a vertente que descende desde o Monte de San Guillermo até a chaira litoral. Nas cotas máis altas consérvase a matogueira costeira en combinación con bosques de repoboación, que dan paso, por baixo da cota 150, a masas de bosques mixtos autóctonos compostos de carballos e castiñeiros.

#### MORFOLOXÍA

O núcleo principal da unidade é Fisterra (considerado núcleo de identidade do litoral), este atópase principalmente como outrora en liña de costa, pero experimentando un importante crecemento. A parte máis antiga desenvolveuse formando un anfiteatro sobre o porto, con rúas moi estreitas e casas típicas mariñeiras. A partir deste núcleo primitivo, desenvolveuse unha periferia ao redor das vías de comunicación de edificios novos, que resaltan polo seu desenvolvemento vertical e unha organización horizontal desordenada que non se adapta á estrutura do núcleo antigo. Na periferia do núcleo se están desenvolvendo vivendas unifamiliares de segunda residencia, dado ao aumento do turismo en época estival. Ao pé da ladeira de Monte San Guillermo aséntase o núcleo tradicional de Insua (considerado núcleo de identidade do litoral), moi compacto, cunha estrutura radial arredor dun cruzamento de vías, este núcleo experimentou un crecemento notable cunha periferia de construcións espontáneas arredor das estradas que serven de conexión co núcleo de Fisterra.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O trazado principal constitúe a estrada AC-445 que percorre lonxitudinalmente a unidade, paralela á costa pasa polo centro do núcleo de Fisterra. Esta estrada é a que articula o resto da rede viaria, unha malla de estradas moi influentes no crecemento periférico do núcleo.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

A unidade conta cun gran patrimonio cultural, como o arquitectónico, sobre todo situado no núcleo de Fisterra. Sobre este patrimonio é importante destacar a Igrexa Parroquial de Santa María das Areas, esta igrexa declarada Monumento histórico-artístico, establécese na estrada que dá acceso ao faro, ao pé do Monte San Guillermo. A súa orixe establécese en 1199, orixinalmente tiña planta cuadrangular, pero co paso do tempo se lle foron unindo varias capelas. Destaca neste templo a súa riqueza artística, sempre influenciada polo influxo do Camiño de Santiago. Fronte á fachada principal construíuse o Hospital de Peregrinos da Nosa Señora do Rosario en 1479 debido á grande afluencia de peregrinos que visitaban Fisterra como final de camiño. Outra igrexa catalogada é a Capela da Nosa Señora do Bo Suceso, situada no centro histórico de Fisterra. Outros elementos de interese que están catalogados son, o Castelo de San Carlos (BIC), antigas fabricas de conserva e salgadura de sardiña e numerosos cruceiros e fontes. Festas como a do Santo Cristo, declarada de Interese Turístico Nacional e as festas mariñeiras e patronais en honra á Virxe do Carmen son as máis importantes en Fisterra.

#### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade forma parte, xunto á unidade Praia do Mar de Fora, do istmo da península de Fisterra. É unha peculiar chaira na que a súa parte oeste está bañada polas violentas augas do Océano Atlántico e a parte este pola tranquilidade da enseada da Langosteira. É un conxunto que sufriu unha forte intervención antrópica, pero que aínda mantén o seu carácter rural debido ao arraigamento histórico da súa poboación á actividade pesqueira. O carácter desta unidade vén marcado pola súa fachada litoral, que a constitúe o porto pesqueiro, impulsor do crecemento socioeconómico do territorio, este crecemento actualmente estase reorientando cara ao sector terciario.

#### DINÁMICA DA PAISAXE

O conxunto constituído pola unidade Praia do Mar de Fora e a unidade Fisterra, é unha contorna que sufriu bastantes transformacións ao longo do tempo. Estes cambios son debidos sobre todo ao crecemento urbanístico vinculado ao turismo. Nesta unidade a paisaxe urbana ten experimentado unha gran transformación e desenvolvemento en detrimento do espazo rural. Este crecemento da periferia do núcleo de Fisterra non responde a unha orde recoñecible, estendéndose por todo o territorio da unidade edificacións residenciais que non seguen o modelo de organización territorial do núcleo primixenio, xerando unha periferia de escasa coherencia paisaxística. Tamén se evidencia o desenvolvemento das infraestruturas, sobre todo a rede viaria que conecta a periferia co núcleo histórico de Fisterra e a ampliación do porto, coa aparición dun novo espigón e novos peiraos para uso deportivo.


#### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### 3. AVALIACIÓN

#### VALORACIÓN DA PAISAXE

A singularidade do conxunto conformado polas unidades Praia do Mar de Fora e Fisterra confírela a súa situación xeográfica, como porta ao cabo do mundo, isto crían os romanos ao contemplar desde o Cabo Fisterra o afundimento do sol nas súas augas. A conservación dos seus espazos naturais case intactos como o seu gran patrimonio cultural e artístico fai deste conxunto un lugar que cativa á xente que o coñece. A singularidade da unidade reside no núcleo de Fisterra, o seu centro histórico formado por rúas angostas e casas típicas mariñeiras onde en cada recuncho podes respirar esa espiritualidade que lle outorga o paso do Camiño de Santiago. En contrapunto, se nos achegamos ao porto, poderemos vivir o ambiente mariñeiro e a posibilidade de degustar os seus produtos. Desde o alto do Monte San Guillermo temos unha excelente panorámica de todo o istmo tanto da unidade Praia do Mar de Fora, como a de Fisterra.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



